



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA OITO DE MAIO DE DOUS MIL CATORCE

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

Dona María Loureiro García.(PSd G-PSOE)

CONCELLEIROS

D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE
Dª.María Isabel Rodríguez López(PSde G-PSOE
D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro(PSde G-PSOE
Dª.Covadonga Viamonte Aguiar(PSde G-PSOE
D.Vicente Hermida Rodriguez (PSdG-PSOE)
D.Cesar Aja Mariño,(P.P.)
D.Jaime Eduardo de Olano Vela, (P.P.)
D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)
Dª.Mª.del Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P.)
D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)
Dona Cándida Mendez Salgado (PP)
D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG
D.Manuel Galdo Dopico,BNG
Dª.Olaia Casas Chaves,BNG
D.Guillermo Leal Arias,IVI
D.Jesús Fernández Fernández,IVI

SECRETARIA ACCIDENTAL

Dª.Fátima Moar Rivera

INTERVENTOR POR DELEGACION

D. Sergio Aguado Delicado

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas trinta minutos do día oito de maio de dous mil catorce, baixo a Presidencia da Srª.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, Dª.Fátima Moar Rivera, que substitúe, e coa asistencia do Sr.Interventor por delegación, D.Sergio Aguado Delicado, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Srª.Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Srª. Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento dos puntos incluídos na Orde do Día.

1º.- APROBACION.SI PROCEDE.DAS ACTAS DO 27 DE FEBREIRO DE 2014 E DO 6 DE MARZO DE 2014.-

Intervén o Concelleiro de Independentes de Viveiro, D. Jesús Fernandez Fernández do IVI, para apuntar que na última folla da Acta do 27 de febreiro, que se especifique que grupo político votou a favor, ou abstención, ou en contra, e roga se corrixa esta omisión.

Seguidamente, pola Secretaría accidental, corríxese esta salvadade no punto da Orde do Día que di: "Proposta da Alcaldía sobre a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, quedando reflexado que na votación deste acordo, co voto favorable de dez membros presentes na



sesión, dos dezasete que legalmente a compoñen, resultan ser: 6 votos do PSdG-PSOE; 2 do BNG; e 2 do IVI; o que representa a maioría absoluta, e catro votos en contra dos membros do PP. Quedando aprobada a moción en todos os puntos que se dín.

E non habendo mais intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación ás actas do 27 de febreiro de 2014 e do día 6 de marzo de 2014.

2º.-APROBACION DE MODIFICACION DAS ORDENANZAS FISCAIS

Pola Sra. Alcadesa cédese o uso da palabra á Concelleira delegada de Facenda, Dona Covadonga Viamonte Aguiar, quén toma a palabra a Concelleira do PSdG-PSOE, e pasa a explicar os cambios e os motivos da proposta da modificación das Ordenanzas Fiscais, que se pretende aprobar provisionalmente:

“I. As modificacións dos textos das ordenanzas nº 2 (reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO)) e nº 5 (reguladora das taxas de licenzas urbanísticas), segundo apartado I.a) e b), e así cumprir o Real Decreto lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos, que modifica o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

II. A modificación íntegra da ordenanza nº 6 reguladora da taxa de licenzas de apertura de establecementos para adaptala á modificación do noso ordenamento xurídico coa transposición ao dereito interno das disposicións da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de decembro de 2006 relativa aos servizos no mercado interior(Directiva de Servizos) e á Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e competitividade de Galicia..

Estas propostas non supoñen ningunha suba de tipo impositivo nin incremento de taxa, simplemente é unha adecuación de texto á nova normativa e determinados servizos.

III. A modificación da ordenanza nº 8 artigo 5 apartado B), reguladora do saneamento e depuración de augas residuais,(EDAR) e dí que hai unha empresa “VIAQUA” antes AQUAGES, e que fai referencia a un acordo plenario,que foi aprobado por unanimidade no ano 2009, que a empresa VIAQUA se facía cargo deste servizo de depuración de augas residuais e nese acordo incluía facerse cargo dos costes que a depuradora xeneraba, e eses costes son só os que á empresa lles costa facer este servizo non están aplicados ningún coste de xestión. Hai unha serie de tarifas, pero para unha vivenda media, para unha vivenda unifamiliar, dí que salería un 2 euros mais ao mes en cada recibo trimestral, e dicir, unos 8 euros mais. E dí que desta maneira se deixa de pagar o 25% en concepto de depuración que veñen nos recibos. E en Galicia dí, que en moitos concellos corre a cargo da Xunta, pero que en Viveiro vai a cargo dos veciños

Intervén D.Antonio José Bouza Rodil. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, dicindo que vai apoiar as aprobacións provisionais das ordenanzas números 2, 5, e 6, pero que na ordenanza nº 8) o seu grupo vai votar abstención, xa que non hai análises exhaustivos do que se vai aprobar, e dí que non se sabe canto persoal hai, nin que cantidade de xestión de residuos, nin tampouco os análises químicos, e dí que, coma sempre, estas cantidades non están reflexadas no ano 2013 e estamos cos presupostos prorrogados e non se reflexan estas cantidades.

Continúa dicindo que se vai votar abstención pola deixadez, xa que se está a falar eiquí dun acordo do ano 2009, e estamos no ano 2014, e non se fixo nada ó respecto, xa veremos, remata dicindo, como se vai pagar todo si non temos orzamentos.

Intervén o Voceiro do BNG, D.Bernardo Fraga Galdo, para dicir que en primeiro lugar, se se votan as Ordenanzas por separado, o seu grupo vai votar a favor das modificacións das ordenanzas fiscais, 2, 5, e 6, co obxecto de que se poidan regularizar, pero en caso da modificación da Ordenanza número 8), dí que o voto do seu grupo vai ser en contra, xa que dí que, neste concello seguimos cos presupostos prorrogados e non temos uns orzamentos actualizados, aínda que xa se prometeron que os íamos ter para xaneiro e xa estamos no mes de maio e todavía non hai nada. Por outra banda, dí, votamos en falta as negociacións previas para estes asuntos, a falta de diálogo por parte do equipo de goberno, que o fai en minoría, e nós vamos á comisión



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

informativa previa para estes asuntos, e se estamos de cordo ven, e senon tamén. Polo que non se negocia e vótase en falla máis diálogo por parte do Goberno Municipal.

Intervén o Voceiro do IVI, Don Guillermo Leal Arias, e comeza dicindo que nas Ordenanzas que se van adaptar a Lei, non hai dúbida e votarán a favor, e onde pode haber algún conflito, dí, pode ser na modificación da Ordenza nº 8), pero sorpréndese que se acorden do pleno do ano 2009 e que non se acorden do Plan de Axuste cando veñen reflexadas estas cantidades, e dí, que votamos todos os partidos políticos a favor, e dí que estaban incluídos estes importes polo que non sei a que ven a sorpresa agora. Vemos que hai dúas formas ou maneiras de asumilo. A primeira, poñendo cartos, e a segunda, eliminando servizos. Entón, dí, temos que optar por algunha destas posibilidades. Consideramos que estes servizos non se poden recortar e a única possibilidade é a de cobralos, polo que haberá que asumilo e no me parece unha subida desmesurada, e que dunha forma ou doutra haberá que pagalo. Remata dicindo que o seu grupo vai votar a favor.

Intervén novamente a Concelleira de facenda, Dona Covadonga Viamonte Aguiar, para decirlle ao Sr. Bouza Rodil do PP., que xa no ano 2012 esta Ordenanza, cas mesmas cantidades e pequenas variacións, viñeron ao Pleno para ser aprobadas, e o seu Grupo Municipal do PP., votaron en contra da súa aprobación.

Seguidamente, dirixíndose ao Voceiro do BNG, Sr. Fraga Galdo, dí que primeiro, Sr. Fraga, teremos que aprobar as Ordenanzas Fiscais para saber os ingresos con que contamos e despois, teremos que facer os orzamentos, e non sabe como non se da conta o Sr. edil do que é o primeiro e logo o resto.

Intervén novamente o Voceiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo, para dicir que, o Plan de Axuste, tamén haino que facer cada ano e que se poden aprobar os Orzamentos e as Ordenanzas no mesmo día. Dí que si hai boa vontade se podería mirar todo, pero se non hai ningún tipo de datos, e se non se sabe como se está no ano anterior, non poderemos chegar a nada. A nosa postura podería variar se se traen os Orzamentos e se poñen na mesa.

Intervén novamente o Sr. Leal Arias, voceiro do IVI, para dirixirse ao edil do BNG e coméntalle que os orzamentos hainos, aínda que estes sexan prorrogados, e que o plan de axuste está detallado e haino tamén, aínda que as cantidades que se están a reflexar gusten ou non.

Sometida a proposta a votación o Pleno, por unanimidade, con dezasete votos a favor (PSdeG-PSOE, 6 votos), (PP, 6 voos), BNG, 3 votos), e iVi, 2 votos) acorda:

PRIMEIRO.- aprobar provisionalmente:

A modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

-A modificación da Ordenanza Fiscal nº 5, reguladora da taxa de licenzas urbanísticas.

-A modificación da Ordenana Fiscal nº 6, reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de actividades, apertura ou funcionamento.

Asimesmo, sometida a votación a proposta da modificación da Ordenza nº 8), o Pleno, con oito votos a favor, que resultan ser: (PSdG-PSOE,) 6), e iVi,(2); Tres(3) votos en contra do BNG; e seis (6) abstencións do P.P., ACORDA:

aprobar provisionalmente, por maioría de votos, a modificación da Ordenanza Fiscal nº 8 reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e depuración de augas residuais (EDAR)

SEGUNDO.- Publicar edicto no BOP para exposición, quedando sometidos os devanditos expedientes a información, polo prazo legal de trinta días, para presentación de alegacións.



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

TERCEIRO.-Entenderase definitivamente aprobadas as modificacións das Ordenanzas citadas ó finalizar o prazo de exposición ó público, de non presentarse reclamacións contra as mesmas.

3º.-APROBACION DE MODIFICACION DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E DO PREZO PUBLICO

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E DO PREZO PUBLICO QUE REGULA, DO CONCELLO DE VIVEIRO

A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia define e regula os servizos sociais comunitarios así coma o seu financiamento e con carácter xeral atribúe aos concellos galegos a competencia na xestión dos servizos sociais comunitarios, entre eles a axuda no fogar. En desenvolvemento desta Lei a Consellería de Traballo e Benestar aprobou o Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Neste Decreto estableceuse novas regras de cálculo para o servizo de axuda no fogar para as persoas en situación de dependencia que teñen o dereito e atención recoñecido, e para as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de carácter básico .

Con data 24 de setembro de 2013 publicouse o Decreto 149/2013 do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo; que modifica o copago de axuda no fogar nas persoas valoradas como dependentes e na súa disposición derradeira cuarta establece que as corporacións locais disporán dun prazo de seis meses , contados desde o día seguinte ao da publicación deste decreto para a súa adaptación das súas ordenanzas ao disposto na presente norma.

Polo que cómpre adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Viveiro de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, modifica o seguinte articulado do regulamento de axuda no fogar do concello de Viveiro.; sendo a nova redacción do seguinte tenor literal :

A) CAPÍTULO VII.- REXIME ECONOMICO E FINANCEIRO

Artigo 19.- Réxime das achegas

O servizo de axuda a domicilio no Concello de Viveiro financiarase a través das achegas económicas das administracións públicas pertinentes, o recursos municipais previstos no orzamento municipal municipal, e as achegas das persoas usuarias en aplicación dos baremos aprobados polo Concello.

- a) A Achega municipal cuantificarase a través da correspondente partida segundo o previsto anualmente no orzamento municipal.
- b) A persoa beneficiaria do servizo aportará o prezo público calculado conforme ao establecido na ordenanza municipal correspondente, cumprindo co establecido no Art. 56 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, que faculta ás administracións públicas a establecer a participación das persoas usuarias na



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

financiación de servizos do Sistema Público de Servizos Sociais e no Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Artigo 20.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

A).- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

B) Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 21.- Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias.

A).- Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

Cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %

2. Nos casos que, por referencia a unha persoa usuaria, o dereito de atención co número de horas expresado no A.P.R. Manda, non tratándose dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas do servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

3. En ningún caso o importe da participación económica que debe ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90 % do custo do servizo determinado en termos de prezo hora.

4. No caso de que a entidade local, totalmente a posta, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención reconecido, das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar regulados no artigo 14.2 deste decreto, para os efectos facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das entidades usuarias aplícase a seguinte táboa na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %


	Grao I	150,00 %	5,55 %	Grao II	11,79 %	18,03 %	Grao III	18,03 %
		175,00 %	5,65 %		12,00 %	18,35 %		18,35 %
		200,00 %	5,72 %		12,16 %	18,60 %		18,60 %
		215,00 %	5,81 %		12,34 %	18,87 %		18,87 %
		250,00 %	6,03 %		12,82 %	19,61 %		19,61 %



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

B) Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 18 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	Entre o 10% e o 30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	Entre o 20% e o 50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	Entre o 40% e o 70%
Maior de 2,50 IPREM	Entre o 60% e o 90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

REGULACIÓN DO PRECIO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizo de axuda no fogar.

Artigo 2º. Concepto

1. O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación básica de servizos sociais de atención primaria.

Artigo 3º. Obrigados ó pago



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza quen solicite ou se beneficie da prestación do Servizo de Axuda a Domicilio. Para ser beneficiario do Servizo, estarase ó establecido no Regulamento municipal do Servizo de Axuda a domicilio.

Artigo 4º. Coantía

Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

A entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

2. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

3. En ningún caso o importe da participación económica que debe ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90 % do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

4. No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar regulados no artigo 14.2 do Decreto 149/2013, para os efectos facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

						%			%
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %



- Participación das persoas usuarias no servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia

Dacordo co artigo 21 b do regulamento do servizo de axuda no fogar a coantía do precio público para o ano 2014 é de 12,50€ tendo en conta o importe facturado pola empresa concesionaria e aqueles outros costes nos que se incurra para a prestación do servizo

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa inferior ó 80% indicador público de rendas de efectos múltiples(IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
2. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 80% pero que non exceda o 150% do IPREM, asumirán o 10 % do custo directo do servizo.
3. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 150% pero que non exceda o 200% do IPREM, asumirán o 20 % do custo directo do servizo.
4. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 200% pero que non exceda o 250% do IPREM, asumirán o 40 % do custo directo do servizo.
5. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 250% do IPREM, asumirán o 60 % do custo directo do servizo.

Artigo 5º. Normas de xestión

1. A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servizo.
2. As liquidacions practicaránse por meses naturais nos primeiros quince días de cada mes. O pago do prezo farase nos primeiros quince días do mes natural seguinte.
3. O pagamento efectuaráse mediante cargo na conta corrente ou libreta de aforros que o solicitante do Servizo de Axuda no Fogar deberá indicar no modelo oficial de solicitude.
4. A achega dos usuarios do servizo será obxecto de actualización segundo a coantía anual do IPREM ou indicador que o substitúa.

Por todo o devandito e visto o informe de intervención, o cal achégase, e todos aqueles informes que se estimen pertinentes, esta Alcaldía

PROPÓN, Aprobar provisionalmente polo Pleno a modificación do texto do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Viveiro.- Viveiro 30 de abril 2014.-Asdº.María Loureiro García,Alcaldesa.”

Non existindo intervencións, sométese a votación este asunto, acordándose, por unanimidade, con dezasete votos a favor de todos os membros presentes:

PRIMEIRO.- Aprobar a Modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar e do Prezo Público.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días, a efectos de examen e reclamacións polos interesados.Entendéndose definitivamente aprobado o acordo de non existir reclamacións o que será publicado integramente.



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

TERCEIRO.- Comunicar este acordo á Intervención municipal e ós Servizos Sociais aos efectos oportunos.

4º.-APROBACION DE MODIFICACION DE CREDITOS MEDIANTE TRANSFERENCIA Nº.-008/2014.

Pola Sra.Alcaldesa dase conta da seguinte Proposta que copiada literalmente di: “

“No presente exercicio e dada a evolución de ingresos e gastos da sociedade mercantil APARCAMIENTOS A MARIÑA,SL.,totalmente participada por este Concello, púxose de manifesto a necesidade de dar cobertura á mencionada entidade para que poida atender gastos de explotación do capítulo de persoal. Da execución do presuposto corrente, obsérvase a non existencia de crédito abondo para poder realizar a subvención á explotación da Sociedade.

Para poder atender os custos salariais de dúas mensualidades é necesario incrementar o presuposto de astos naseguite contía:

45901.440 APARCAMIENTOS A MARIÑA,SL / SUBV Á EXPLOTACION DE APARCAMENTOS / 16.100 €

As aplicacións que se proñen reducir o seu importe con MODIFICACION PRESUPOSTARIA, son as que a continuación se relacionan:

Aplicación	Descrición	Importe
165-120	RETRIBUCIONS BASICAS FUNC. de iluminación pública	9.005,00 €uros
165-121	RETRIBUCIONS COMPLEMENTARIAS FUNC. de iluminación pública	7.095,00 €uros

Por todo o exposto e previo informe da Intervención municipal, propónse á Pleno deste Concello a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación de crédito do vixente orzamento prorrogado, mediante transferencia de crédito polo importe de 16.100 €, co seguinte detalle:

APLICACIÓN QUE SE INCREMENTA:

45901.440	APARCAMIENTOS A MARIÑA,SL	SUBV Á EXPLOTACION DE APARCAMENTOS	16.100 €
-----------	---------------------------	------------------------------------	----------

APLICACIONES QUE SE MINORAN:

Aplicación	Descrición	Importe
165-120	RETRIBUCIONS BASICAS FUNC.de iluminacion publica	9.005,00€
165-121	RETRIBUCIONS COMPLEMENTARIAS FUNC.de iluminación pública	7.095,00€

SEGUNDO.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no BOP, todo iso ós efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.-En Viveiro, a 29 de abril de 2014.-Asdo: María Loureiro García”.

Aberto o turno de intervencións



EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

Intervén D. Antonio José Bouza Rodil, voceiro do gupo municipal do P.P. dicindo que vai apoiar a modificación de este crédito, tendo en conta, que todo traballador ten dereito a percibir a súa nómina, pero mantemos que hai que buscar solucións a unha saída real de “Aparcamientos a Mariña” e que non se alargue este tema, porque vemos que se están adoptando unhas medidas son “ pán para hoxe e fame para mañá” e haberá que buscar solucións.

Intervén o vicevoceiro do grupo municipal do BNG, D. Manuel Galdo Dopico, e ven en dicir que consideramos o feito como que ten que ser “excepcional. Esperamos e somos optimistas de que Aparcamientos a Mariña vai a ter solución e pensamos que non vamos ter que recurrir a estas medidas para aboar as nóminas ós traballadores.

Intervén seguidamente o voceiro do grupo municipal IVI, D.Guillermo Leal Arias e dí: para nada estou de acordo e son pesimista desta situación porque non tardaremos dous meses en volver con outro suplemento de crédito porque as medidas que se están a tomar son ideas pero non solucións.Pódese estudar pero hay que dar solucións e en breve pois non vamos a tardar nin dous meses en traer outro suplemento de credito. Temos que buscar solucións urxentes, pero estamos sacando de partidas necesarias, como se dice vulgarmente:”desnudar un santo para vestir outro”.

Seguidamente, intervén a Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García, para dicir que son medidas excepcionais, que non é habitual, e que se están a buscar solucións favorables ós traballadores para non ter que adoptar medidas que ninguén desexa.

Non habendo mais intervencións, e visto o informe favorable emitido pola Intervención, así como a memoria xustificativa e o dictame favorable da Comisión de Facenda, o Concello Pleno por unanimidade dos Sres.Concelleiros asistentes á sesión que, de dereito a constitúen con dezásete votos a favor acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación de crédito do vixente orzamento prorrogado, mediante transferencia de crédito polo importe de 16.100 €, co seguinte detalle:

APLICACIÓN QUE SE INCREMENTA:

45901.440	APARCAMIENTOS	A	SUBV Á EXPLOTACION DE APARCAMIENTOS	16.100 €
-----------	---------------	---	-------------------------------------	----------

APLICACIONES QUE SE MINORAN:

<u>Aplicación</u>	<u>Descrición</u>	<u>Importe</u>
<u>165-120</u>	RETRIBUCIONS BASICAS FUNC.de iluminacion publica	<u>9.005,00€</u>
<u>165-121</u>	RETRIBUCIONS COMPLEMENTARIAS FUNC.de iluminación pública	<u>7.095,00 €</u>

SEGUNDO.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no BOP, todo iso ós efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

5º.-DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDIA

Pola Srª.Alcaldesa dase conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervención o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.



6º.-MOCION DA ALCALDIA EN BASE A PROPOSTA PRESENTADA POLA FEDERACION DE LIBRARIAS DE GALICIA PARA QUE A BIBLIOTECA MUNICIPAL LEVE O NOME DE MELCHOR ROEL RIVAS.

Pola Sra.Alcaldesa, María Loureiro García, se presenta ao Pleno corporativo a proposta de que, considerando que a Biblioteca de Viveiro resume o impulso que Don Melchor Roel Rivas, perante estes dez anos de goberno como alcalde deu no ámbito cultural a Viveiro e tendo en conta que foi feita perante o seu goberno e que a biblioteca pública é un edificio estruturado con todos os avances e barreiras arquitectónicas, ademais non só é unha biblioteca senon que se fan exposicións fotográficas, de pintura, e outras actividades culturais que pasa a ser unha casa de cultura.

Continúa dicindo a Sra.Alcaldes que, os que queremos a Melchor sabemos que non quería placas e que non era partidario das inauguracións e, de feito a biblioteca non está inaugurada. Pero sabemos tamén do impulso que deu Melchor á cultura de Viveiro dende a Semana Santa, actividades para mocidade, feira renacentista, e tamén o impulso que lle deu ao Conservatorio, por iso pensamos que a biblioteca debe levar o seu nome e tamén é o sentir da Federación de Librarias de Galicia, que agradece o esforzo realizado por dotar a Viveiro dunha estrutura bibliotecaria pública de primeiro nivel, así tamén outros colectivos que apoian esta proposta como é o Profesorado do Conservatorio, Asociacións veciñais e Agrupacións musicais etc.

Por todo elo acordase presentar á Corporación Municipal de Viveiro o seguinte Moción:

“Poñerlle á Biblioteca Pública do Concello de Viveiro o nome de “Melchor Roel Rivas” e inaugurar a placa coa nova denominación o día 14 de agosto de 2014.

Aberta a quenda de intervencións:

Intervén, D. Antonio Bouza Rodil, voceiro do grupo municipal do PP, quen ven en manifestar que este tema debería pasar pola Comisión de Cultura para estudo e poder chegar a un consenso, e propoñemos que en base ao delicado do asunto, se deixe sobre a mesa para poder ser analizado debidamente. Engade que en ningún dos casos apoiaría esta moción nin polo fondo nin pola forma sin pasar por unha comisión e maniféstase contrario.Polo que insiste se deixe sobre a mesa ata que volte a un estudo exhaustivo e haxa un máximo de consenso posible.

Seguidamente intervén Dona Olaia Casas Chaves, en representación do grupo municipal do BNG, para dicir que segue a liña do Concelleiro Sr.Bouza Rodil que apunta se deixe o asunto sobre a mesa, ademais non pasou por ningunha comisión e débese levar para ser debatida a proposta e haxa consenso de todos os grupos, proposta encuberta a traves das librarías. Pensamos que o traballo do Alcalde é un traballo feito coma se pode agradecer a calquer outro traballador e que para iso se presenta á Alcaldía para traballar polo pobo e para o pobo. Temos outros compañeiros que traballaron pola cultura de Viveiro e non hai placas e tamén pódese asignar unha placa noutro espazo público, na música, ou noutro.Nós estamos abertos a aque se lle poida adicar unha placa, pero a biblioteca e a biblioteca pública municipal de Viveiro para nos e non imos votar a favor de esta proposta encuberta.

A continuación, intervén o voceiro do IVI, D. Guillermo Leal Arias, e maniféstase disposto a apoiar a proposta socialista, aínda co matiz de que hai moitos outros nomes da cultura de Viveiro, pero dí tamén e fai ver a posición contraria do propio alcalde falecido á colocación de placas e inauguracións. Tamén pensa que hai outros locais ou zonas que se asemellan máis o que era a personalidade e representarian máis e mellor o carácter do falecido alcalde Sr.Roel.

Seguidamente, toma a palabra a Señora Alcaldesa, e fai constar que esta proposta preséntase ao Pleno porque así é o sentir do Equipo de Goberno e de persoal doutros colectivos e asociacións, pero, por outra banda, vexo que aínda que houbera comisión informativa e de estudo, non ía cambiar o sentido do voto, se ía votar en contra. Aclara que non ten inconvinte en facer unha Comisión de Cultura pero está claro que non vai modificar o sentido do voto, polo que pensa que procede pasar xa a votación.

Non existindo máis intervencións, sométese a votación a proposta da Alcaldía, quedando rexeitada con nove votos en contra, que resultan ser: 6 votos do P.P; 3 votos do BNG,; e oito (8) votos a favor da



moción, que resultan ser, 6 votos do PSdG-PSOE, e 2 votos do IVI, polo que queda DESESTIMADA por maioría con nove votos en contra, a proposta da Alcaldía para que a Biblioteca Pública Municipal leve o nome de D. Melchor Roel Rivas.

7º.-MOCION QUE PRESENTA A ALCALDÍA DO CONCELLO DE VIVEIRO PARA REXEITAR A SUPRESION DOS PARTIDOS XUDICIAIS EXISTENTES EN GALICIA.

Pola Sra. Alcaldesa María Loureiro Garcia ven en indicar que despois de ter reunións cós Alcaldes da mariña e provincia decidimos aunar as forzas para reivindicar esta proposta e facela extensiva a todos os partidos xudiciais da Provincia de Lugo.

Imos debatir a Mocións do BNG e esta Moción e despois votaremos separado cada proposta.

Esta Alcaldía do Concello de Viveiro desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCION

EXPOSICION DE MOTIVOS

O Goberno vén en anunciar a supresión dos Partidos Xudiciais existentes en Galicia, para concentrar ós xuíces nas capitais provinciais e crear Tribunales de instancia. En Galicia esa medida suporá a desaparición de 41 partidos xudiciais e unha fonda alteración do funcionamento da xustiza, da accesibilidade dos cidadáns e dos custos derivados.

A unha cidadanía espallada no territorio, debe corresponder unha planta dos servizos públicos que facilite o achegamento dos cidadáns. Os actuais partidos xudiciais veñen dando resposta á litixiosidade pero tamén á proximidade. Esquecer esta non mellora aquela, só a cambia de lugar. Pero crea outros problemas ós profesionais da xustiza, funcionarios, avogados, procuradores, ás entidades auxiliares, ós concellos, e sobre todo os cidadáns.

Esta medida centralizadora forma parte dunha política xudicial fondamente lesiva para os cidadáns. O Goberno do Estado paralizou os procesos de modernización tecnolóxica, de posta en funcionamento da nova oficina xudicial e de creación de prazas. Está anunciada a modificación dos Rexistros Civís. Agora propónse a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdiccional nas capitais de provincia.

O Goberno promulgou unha nova lei de taxas, disuasorias pola súa contía e restritivas para as persoas con menos recursos. Agora a supresión de partidos xudiciais incrementará os custos de desprazamento. Fica esquecida a defensa dos dereitos dos cidadáns e o acceso a unha tutela xudicial efectiva, como garantira o artigo 24.1 da Constitución Española.

En consecuencia formulase a seguinte Moción para o seu debate no Pleno do Concello de Viveiro: Instar á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno de España o mantemento do Partido Xudicial de Viveiro e facelo así extensivo a todos os Partidos Xudiciais da Provincia de Lugo.

8º.- MOCION DO BNG A PROL DO PARTIDO XUDICIAL DE VIVEIRO E DA XUSTIZA DE PROXIMIDADE.

Polo Sr. Concelleiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo, presenta ao Pleno da Corporación Municipal de Viveiro a seguinte moción a prol do Partido Xudicial de Viveiro e da Xustiza de Proximidade que dí:

O Goberno do PP no Estado insiste nunha reforma da Demarcación e Planta Xudicial que ten como previsión na comarca da Mariña a desaparición do partido xudicial de Viveiro, propoñendo un modelo en que todos os partidos xudiciais lugueses se supriman para os concentrar na capital da provincia. A proposta do Goberno central avoga claramente pola desaparición dos dous Xulgados de Primeira Instancia e Instrucción que teñen sede en Viveiro ao figurar que a potestade xurisdiccional se exercerá “con exclusividade nos seguintes tribunais: Tribunal Supremo, Audiencia Nacional, Tribunais Superiores de Xustiza e Tribunais de Instancia. A reforma de Lei Orgánica que impulsa o PP desde Madrid, Santiago e Viveiro faise sen diálogo cos sectores afectados e decántase por un modelo provincial obsoleto, afastando así a Administración de Xustiza da xente, na liza que o PP xa trazou coa reforma da Administración Local. O anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial pretende eliminar os 45 partidos



xudiciais galegos para deixalos en catro tribunais provinciais. Estes tribunais de instancia, con sede en cada capital provincial, só terían subsedes ou salas noutras cidades en contadas excepcións, como no caso das cidades de Compostela, Ferrol e Vigo.

Sobre esta nova reforma hai dous anos que a deputada do BNG, Olaia Fernández Davila, leva formulando preguntas no Congreso dos Deputados e a quen o ministro Alberto Ruiz-Gallardon lle respondeu asegurando que “non se pecharán xulgados, pero que o modelo actual está esgotado”. Esta ambigüidade nas declaracións do señor ministro, insistindo en que os futuros Tribunais de Instancia que pretende crear suporán unha “flexibilidade” en cada sede xudicial e unha “especialización” e “racionalización” dos xulgados, indican que, tal e como xa vén acontecendo no partido xudicial de Viveiro cos asuntos penais que se axuizan no Xulgado do Penal de Lugo (antes eran os funcionarios desste órgano os que se desprazaban até a cidade do Landro para a realización das vistas), os usuarios da Xustiza do noso concello (partes procesuais, testemuñas, peritos, avogados...) terán que desprazarse á cidade das murallas para as actuacións que só se levarán a cabo na sede provincial.

Dado que esta creación de “Tribunais de Instancia” semella unha rémora dos extinguidos Xulgados de Distrito a nivel provincial, e que na práctica non supón máis que baleirar de contido os actuais Xulgados de Primeira Instancia e Instrucción implantando un modelo centralizado que obrigaría ao desprazamento das persoas usuarias do servizo e mais dos profesionais (avogados e procuradores/as) cos custos que isto significa, os nacionalistas galegos somos contrarios a unha reforma desta envergadura porque empeoraría a xustiza no noso municipio, onde é necesaria unha revisión da demarcación da planta xudicial que teña en conta os cambios demográficos habidos nas últimas décadas para que se implanten novos xulgados debido a un aumento significativo da poboación.

O Partido Popular emprendeu unha reorganización dos servizos sanitarios, de facenda e de xustiza que está a provocar que os cidadáns de Viveiro teñan que desprazarse a unha distancia de cen quilómetros da nosa vila, co consecudente trastorno persoal, familiar, laboral e económico que isto supón. Os deputados populares, coa connivencia dos concelleiros e concelleiras elixidos para defender os intereses dos viveirenses neste pleno, están a negar aos nosos veciños uns servizos que son necesarios para todos e todas. A supresión dos partidos xudiciais incidirá no colapso que xa padece a administración de xustiza e que se traduce nunha diminución na atención aos cidadáns, pero que tamén terá consecuencias económicas importantes para os concellos, como o noso, que temos xulgados de primeira instancia e instrucción. É evidente que o camiño non é a redución das sedes xudiciais, senón que precisamente fan falla máis xulgados e mesmo habería que revisar a súa distribución atendendo aos cambios demográficos habidos nas últimas décadas.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder o cambio de titularidade da sepultura a nome de D.MANUEL RAMON GONZALEZ ROMEO

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraba a nome de Don JOSE JAIER MORENO CASTILLA



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

Sepultura: "Cadro: 3; Fila: 1; Número 7
a favor de D.MANUEL RAMON GONZALEZ ROMEO

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

9º.14.- De Dona CONCEPCION TOJO LAVANDEIRA , con DNInº 33759054-E, domiciliada en Granas, 79-Covas, manifestando que e titular da concesión administrativa de Sepultura: Grupo " 1"; Cadro—1 -; Ringleira: 1 Números 15 que cede a concesión administrativa a Dona VICTORIA FERRO GONZALEZ, con DNInº 33.995.872-D e domicilio en Lavandeiras,nº 31-5º-A-Celeiro.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, de conformidade co disposto no artigo 43º-1 do vixente regulamento.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder o cambio de titularidade da sepultura a nome de VICTORIA FERRO GONZALEZ

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraba a nome de Dona CONCEPCION TOJO LAVANDEIRA
Sepultura: GRUPO "1" Cadro: 1; Ringleira: 1; Número 15
a favor de Dona VICTORIA FERRO GONZALEZ

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

9º.15.- De DONA MARIA DO CARMEN YAÑEZ PEREZ , CO dniNº 76.556.557-E, domiciliada en Verxeles, nº 19-4º- F., manifestando que DONA MARIA PEREZ GONZALEZ, falecida o 13-02-2013, e titular da concesión administrativa de Sepultura: Cadro—1 -; Ringleira: 4 Números 10, que cede a concesión administrativa a favor da súa filla Dona MARIA DO CARMEN YAÑEZ PEREZ.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, de conformidade co disposto no artigo 43º-1 do vixente regulamento.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder o cambio de titularidade da sepultura a nome de MARIA PEREZ GONZALEZ

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraba a nome de Dona MARIA PEREZ GONZALEZ
Sepultura: " Cadro: 1; Ringleira: 4; Número 10
a favor de Dona MARIA DO CARMEN YAÑEZ PEREZ

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

9º.16.- De DONA MARIA LEAL FERNANDEZ , co DNInº 76.563.547-C, domiciliada en Jesús Noya, nº 5-3º-D-Viveiro, ven en manifestar que Don FRANCISCO RAMON LEAL SERANTES é titular dunha concesión administrativa no Cemiterio Municipal de Altamira:

Nicho: Cadro—1 -; Ringleira: 4 Números 9, que cede a concesión administrativa a favor da súa filla Dona MARIA DOLORES LEAL FERNANDEZ

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, de conformidade co disposto no artigo 43º-1 do vixente regulamento.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder o cambio de titularidade da sepultura a nome de FRANCISCO RAMON LEAL SERANTES

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraba a nome de D..FRANCISCO RAMON LEAL SERANTES.

NICHO: “Cadro: 1; Ringleira: 4; Número 9
a favor de Dona MARIA DOLORES LEAL FERNANDEZ

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

9º.17.- De Dª.Mª.MONTSERRAT CAO GONZALEZ , co DNInº 33855883-k, domiciliada en Urbanización Palmeiro-Rigueira,59-4º-B, Xove, ven en manifestar que Dona CARMEN GONZALEZ VAZQUEZ, é titular dunha concesión administrativa no Cemiterio Municipal de Altamira:

Nicho: GRUPO:B- Cadro—5 -; Ringleira: 4 Números 3-4-, que cede a concesión administrativa a favor da súa filla Dona María Montserrat Cao Gonzalez.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, de conformidade co disposto no artigo 43º-1 do vixente regulamento.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder o cambio de titularidade da sepultura a nome de Dona CARMEN GONZALEZ VAZQUEZ

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraba a nome de Dona CARMEN GONZALEZ VAZQUEZ.

NICHO: Grupo: B“Cadro: 5; Ringleira: 4; Número 3-4.
a favor da súa filla Dona MARIA MONTSERRAT CAO GONZALEZ.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

9º.18.- De Dª MARIA LUCIA MURADO MALLEIRO , co DNInº 76.556.147-A, domiciliada en Manuel Gómez Blanco, nº-6-, ven en manifestar que Don DELFIN CARLOS FRA PENA, é titular dunha concesión administrativa no Cemiterio Municipal de Altamira:



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

SEPULTURA: Cadro—5 -; Ringleira:3 Números 17-, que cede a concesión administrativa a favor da súa esposa, Dona María Lucía Murado Malleiro.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, de conformidade co disposto no artigo 43º-1 do vixente regulamento.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder o cambio de titularidade da sepultura a nome de Don Delfin Carlos Fra Pena.

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraba a nome de Don Delfin Carlos Fra Pena

Sepultura: “Cadro: 5; Ringleira: 3; Número 17
a favor de Dona M^a.LUCIA MURADO MALLEIRO

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

9º.19.- De D^a DOLORES FRAGA PAZ , co DNInº 33.681.684-R, domiciliada en Congostras,nº 17-Covas., ven en manifestar que Dona JUSTA FRAGA PAZ é titular dunha concesión administrativa no Cemiterio Municipal de Altamira:

NICHO: GRUPO A; Cadro—2 -; Ringleira:A-9; Números 1, 2, 3, 4, -, que cede a concesión administrativa a favor da súa filla Dona Dolores Fraga Paz.

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, de conformidade co disposto no artigo 43º-1 do vixente regulamento.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder o cambio de titularidade da sepultura a nome de Don Delfin Carlos Fra Pena.

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraba a nome de Dona JUSTA FRAGA PAZ

Nicho: Grupo: A “Cadro: 2; Ringleira: A-9; Número 1-2-3-4-
a favor de Dona DOLORES FRAGA PAZ.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

9º.20.- De D^a DOLORES FERNANDEZ RAMOS , co DNInº 33.679.099-S, domiciliada EN Luis Trelles, 26, de Viveiro, e ven en manifestar que ela e súa irmán teñen unha concesión administrativa dunha sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira :

Sepultura: Cadro—2 -; Ringleira: 3; Números 11 -, e que súa irmán finou o 1 de xullo de 2008, cede a concesión administrativa a favor de Dona María Regina Otero Lamelas



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, de conformidade co disposto no artigo 43º-1 do vixente regulamento.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder o cambio de titularidade da sepultura a nome de Dona CARMEN E DOLORES FERNANDEZ RAMOS

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraba a nome de Dona CARMEN E DOLORES FERNANDEZ RAMOS

Sepultura: “Cadro: 2; Ringleira: 3; Número 11.

a favor de Dona MARIA REGINA OTERO LAMELAS.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

9º.21.- De DONA HERMELINA YAÑEZ PEREZ , co DNInº 33810.766-F domiciliada EN Pérez das Mariñas,nº 16-Viveiro, e ven en manifestar que Dona MARIA PEREZ GONZALEZ, é titular dunha concesión administrativa sita no Cemiterio Municipal de Altamira :

Nicho: Grupo: San Román”: Cadro- ; Ringleira: 24; Números 1-2-3- -,

Resultando que se presenta a documentación establecida no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello, de conformidade co disposto no artigo 43º-1 do vixente regulamento.

Resultando que consta no expediente informe e reportaxe fotográfico do encargado do cemiterio.

Vista a proposta do concelleiro do cemiterio, no que se propón conceder o cambio de titularidade da sepultura a nome de Dona MARIA PEREZ GONZALEZ

Non existindo obxección algunha o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a transmisión da concesión administrativa da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira que figuraba a nome de Dona MARIA PEREZ GONZALEZ

Nicho: Grupo: San Román”: Cadro- ; Ringleira: 24; Números 1-2-3- -,

a favor da súa filla Dona HERMELINA YAÑEZ PEREZ

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Oficina administrativa do Cemiterio para a confección da concesión administrativa ó novo titular.

10º.-DACION DE CONTA DE CORRESPONDENCIA OFICIAL

Pola Sra.Alcaldesa dase conta do Protocolo de adhesión ao Convenio , que de unha parte asina o Xefe Provincial de Tráfico de Lugo e de outra, a Alcaldesa do Concello de Viveiro, e se adhieren expresamente e de maneira íntegra ao Convenio suscrito entre o Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda darse por enterado.



Seguidamente, polo Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D.Cesar Aja Mariño, solicita autorización á Sra.Alcaldesa para abandoar a sesión plenaria para viaxar, sendo aceptado pola Sr.Alcaldesa, polo Sr.Cesar Aja procédese a abandoar a sesión ás 21 horas e 30 minutos.

11º.-ROGOS E PREGUNTAS

11.-Don Jaime de Olano Vela, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas sobre as que desexa obter no no próximo Pleno, a correspondente resposta, ben oral ou ben escrita.

E ven en manifestar que o longo destes anos de Goberno Socialista se ven obrigados grupos de proveedores a acudir á vía xudicial para algo tan simple como que se lles pague o que se lles debe por parte do Concello. Somos conscientes que en ocasións terá que velarse polo patrimonio do Concello e noutras defender as veciños, pero sistematicamente o Concello é condenado a aboar as sentenzas e procesos que se convirten en longos intereses de asuntos que se incrementan para as contas do Concello, pero en moitas ocasións, e isto ven sendo sangrante, o Concello non se presenta a moitos xuízos e casos, e simplemente deixa pasar o tempo para finalmente ter que pagar unha factura moito mais elevada que a inicial. Non entendemos como se ven tendo esta actitude un ano tras outro. Esta forma de proceder por parte do Goberno municipal nos parece incomprendible e cara, pero non só nos parece a nosoutros senon que os Tribunais de Xustiza definen estas actitudes de temeridade. Entendemos que é temeridade a actitude do goberno público que ten a obriga de velar polo goberno de todos, máxime cando se fala de pagar moitos cartos aos veciños.

Por todo o anterior nos gustaría coñecer:

11.1.-¿Cal é o motivo polo que o Concello de Viveiro vese inmerso en xuízos de tan elevado custes?

11.2.-¿Parece adecuado Señora Alcaldesa, que o Concello moitas veces non se presente a xuízos e teña que aboar cantidades elevadas que ao final pagamos todos?.

11.3.-¿Por qué non se aboan as facturas cando se permite pola Lei levar a cabo e non anos de espera co conseguinte proceso xudicial?.

11.4.-¿Cal é o criterio que se segue? Xa que é difícil crer, toda vez que en moitos casos o Concello non se presenta ós xuízos. ¿Trátase de un criterio político?... E si é así, que informes hai dos Técnicos que avalen este proceder?. Tendo en conta, que estamos a pagar elevadas sumas de débedas a proveedores, intereses, e costas por esta mala praxis do Goberno Municipal Socialista.

R.-Pola Señora Alcaldesa se lle contesta, que ten que darlle a razón o Señor Olano porque moitos veciños e proveedores vense obrigados a acudir á vía xudicial para algo tan simple como que se lles pague o que se lles debe.

Teño que dicir tamén ao Sr.Olano, que o Concello de Viveiro abonou cerca de 2.000.000 de Euros a proveedores de facturas sen pagar; sendo uns 1.700.000 Euros de estas facturas eran de épocas anteriores ao ano 2003, que estaba gobernando o Partido Popular, e dicir, épocas que non gobernaba o Partido Socialista.

Evidentemente, di a Sra.Alcaldesa, eran facturas sen pagar do Goberno do Partido Popular e os proveedores se viron obrigados a reclamar, e o Concello tivo que pagalas.. Facturas que ascendían a máis de 2.000.000 millóns de Euros, e que gracias á defensa dos Avogados postos polo Concello, moitas reduxéronse en elevada cuantía.

Teño que dicir tamén ao Sr.Olano, que na propia sentenza que obriga a pagar ao Concello, dícese tamén que hai contratos irregulares ou que carecían deles.Pero para evitar un tratamento inxusto da Administración, pois,... había que pagarlles.Incluso o ex_ alcalde acudiu de testigo para dicir que esas obras se fixeron e dar conta delas, aínda que isto no no recoñeceu cando estaba de alcalde.

Para resumir digo que se pagaron 2.000.000 millóns de euros da época anterior e nesta época, da nosa, as cantidades que temos en débedas son o que se dixo: da ESGAE do ano 1998 ata o ano 2008. Da EDAR,



que tivemos unha denuncia de Aquagest e algunhas facturas de algúns xuízos máis como de traballadores que recorreron nos postos de selección de persoal e que se fallou a favor deles.

A parte de isto, o Concello de Viveiro a única acción xudicial que emprendeu foi a do Celeiriño para reclamar e indemnizar aos veciños. Tamén a do matadoiro, porque non cumpriu o contrato e o resto das denuncias que temos, a maioría delas, son por parte do Partido Popular ós membros do Goberno Municipal, denuncias por licenzas, denuncias que se arquivaron, denunciando ao anterior alcalde por non celebrarse Plenos, por obstrucción etc, e moitas foron arquivadas. Tamén denunciaron os Orzamentos do ano 2006, que foi arquivado. Polo que as denuncias son a maioría do Partido Popular.

O Sr. Olano Vela, Concelleiro do grupo municipal popular, pregunta á Sra.Alcaldesa si pode contestarlle ás preguntas que se lle fixeron por escrito porque non se lle contestou a ningunha.

A Sra.Alcaldesa, di que cre que queda suficientemente claro, e di que o Sr.Olano xa ten as respostas.

.11. 2.-D.Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas sobre as que desexa obter no próximo Pleno, a correspondente resposta, ben oral ou ben escrita.

O crecemento do parque automovilístico en épocas estivais no noso Concello, en particular na zonas de Cantarrana e Granxas na Parroquia de Covas, así como no núcleo de Viveiro. Está a provocar a falta de aparcamento para os vehículos, un tema de especial preocupación tñanto para veciños, como visitantes e mesmo pouco ventaxoso para as zonas de actividade comercial en especial nestas épocas vacacionais ou festivas.Por este motivo preguntamos a Alcaldesa:

1º).- Ten o equipo de goberno pensada algunha medida a corto ou medi prazo, para crear novas zonas de aparcamento na parroquia de Covas e no núcleo de Viveiro?.

R.- Pola Señora Alcaldesa contestalle que falará con Concelleiro-Delegado de servizo.

2º).- No Pleno do día 22/09/2007 levouse o Dictame sobre propostas de novos nomes para distintas Rúas do Concello, sendo un total de 18 e que foi aprobado, entre elas a de Maruja Mallo. Asimesmo no pleno do 22/12/2008 dictaminouse favorablemente e por unanimidade, tanto en comisión como en Pleno, dar novos nomea á Rúa Fragata Magdalena, e á Rúa Bergantín Palomo na parroquia de Covas. No Pleno do 19/02/2013 adoptouse por unanimidade o acordo de dar o nome a unha avenida na parroquia de Celeiro a D.Gerardo Harguindey Banet, así como no Pleno do 25/04/2013, aprobouse o nomeamento do Rueiro do Barrio de Xunqueira, e xa por último no Pleno do día 31/03/2011 tomouse o acordo plenario de reenumerar as rúas e burgos á maior brevidade.

O día de hoxe falta casi a totalidade da colocación de placas e reenumeración das rúas, o que provoca confusión cos nomes e cos números, tanto para os veciños como para o servizo postal de Correos, incluso lle provoca confusión ó propio equipo de goberno, tal e como puidemos comprobar hai uns días en distintos medios.Por todo isto preguntámoslle á Alcaldesa:

2.1 ¿Cal foi a causa polo que non se completou a colocación de placas nas rúas e reenumeración ó día de hoxe?.

2.2 ¿Para cando a colocación das placas das novas rúas e as reenumeracións acordadas en Pleno?.

2.3 ¿Vai convocar a Alcaldesa á comisión correspondente para a designación da rúa a D.Carlos Oroza?.

R.-Pola Señora Alcaldesa se lle resposta que están nas Oficinas de Urbanismo os planos para facer os novos rueiros e que se faran as Comisións Informativas precisas para levar a cabo estes acordos.

11.4).- Fai uns meses, no Parque Municipal Pernas Peón, uns vándalos fixeron unhas pintadas en varias árbores, mesas e bancos do citado parque, moitas delas con pintadas ofensivas á Policía. Como queira que



a día de hoxe siguen as mesmas pintadas, o que provoca un mal aspecto tanto para os veciños como para os que nos visitan, por este motivo lle preguntamos á Alcaldesa:

1. ¿Ten previsto proceder a limpeza destas pintadas?.

E se ten previsto, cando contan facelo?.

R.-Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que xa se levou a cabo a limpeza das pintadas cunha máquina, aínda que algunhas non quedaron moi ben por estar en pedra, e estase a espera de que se amaínen millor.

11.3.-Por D. Antonio Jose Bouza Rodil, en representación do grupo municipal popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación unha pregunta xa que ten referencia e según os datos cos que conta este portavoz, da presentación dunha factura de gastos por consumo eléctrico por un importe que ascende a 4.213 €uro procedente dun Colexio público .

R.-Pola Sra. Alcaldesa, se lle contesta que é referenta a un Colexio público e que son facturas estigmativas, pero que os técnicos xa están intentando dar unha solución e xa se había mirado no seu momento.

11.4.-Por D. Bernardo Fraga Galdio, en representación do partido municipal do Bloque Nacionalista Galego de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación o seguintes ROGOS, o obxecto de que se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible.

1º) Coa data de 14 de abril-Semana Santa- foron colocados varios radares en puntos estratéxicos por parte da Xefatura Provincial de Tráfico nas estradas de Viveiro e na estrada de Magazos e vese que hai un obxectivo recadatorio por multas de tráfico debido ao aumento considerable de vehículos perante esta tempada. Pero observamos que as colocacións de radares ocultaban os pasos de peóns e invadían a seguridade vial. E ir que un vehículo que en teoría é para fomentar a seguridade vial, ven a provocar unha inseguridade nas vías de circulación ós nosos veciños e veciñas, polo que

ROGAMOS

Ao Equipo de Goberno que vele porque situacións de este tipo non volvan a producirse no noso Concello e que se empreguen os medios policiais para garantir a seguridade dos cidadáns e non para ao contrario.

R.-Pola Sra. Alcaldesa respóndese que esta Alcaldía non pode facer que se incumpra a Lei

E hai un Convenio da Xefatura Provincial de Tráfico coa Policía Municipal. A parte diso, os veciños de Magazos protestan polas velocidades que se collen na variante e non podemos decirlles á Policía de Tráfico que non se poñan cando en velocidades de 50 por hora/ moitos vehículos pasan a 100. En canto a ubicación dos coches da Policía Municipal do radar, teño que dicir que, lóxicamente, eles son os que entenden e pónense por onde consideran máis viable, pero en todo caso, poderase advertirlles de que busquen outro sitio, pero non que deixen de controlar.

O Sr. Fraga Galdo contesta que a nosa opinión é que a colocación do coche co radar leva a provocar unha situación de inseguridade vial, e a nosa opinión municipal do BNG que a ubicación do coche non é apropiada en absoluto.

E non habendo máis asuntos de que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as vinteduas horas e trinta minutos do día con que se encabeza esta Acta, que se estende por quintuplicado exemplar, do que eu, Secretaria accidental, dou fe.

Vtº e Prace
A ALCALDESA

A SECRETARIA ACCTAL.



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.04.24 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: fgm.intervencion@viveiro.es